



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Afeccións Médico Quirúrxicas no adulto	Código	653G01301	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	7
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Castro Iglesias, María Angeles	Correo electrónico	angeles.castro.iglesias@udc.es	
Profesorado	Castro Iglesias, María Angeles Maseda Rodríguez, Ana Belén	Correo electrónico	angeles.castro.iglesias@udc.es ana.maseda@udc.es	
Web	www.udc.es/fcs			
Descrición xeral	Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coas afeccións médico cirúrxicas do adulto que orixinan disfunción ocupacional. Descritores: Coñecemento do proceso fisiopatolóxico en todos os momentos do ciclo vital, identificando os problemas e aspectos clínicos, preventivos e terapéuticos da persoa, tanto na saúde como na enfermidade. Coñecementos Médicos e Cirúrxicos aplicables ao ser humano en todos os momentos do ciclo vital (adulto) que capaciten para avaliar, sintetizar e aplicar tratamentos de Terapia Ocupacional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecementos e capacidade para aplicar Fisiopatoloxía dentro do contexto da Terapia Ocupacional.	A1 A3	B2 B10 B12 B13 B28	
Coñecementos e capacidade para aplicar Patoloxía Médica dentro do contexto da Terapia Ocupacional.	A1	B2 B4 B8	C1
Coñecementos e capacidade para aplicar Patoloxía Cirúrxica dentro do contexto da Terapia Ocupacional.	A1	B2 B4 B5 B8	C1

Contidos	
Temas	Subtemas



Bloque de Reumatoloxía. Enfermidades Médicas do Aparello Locomotor	<ol style="list-style-type: none"> 1.Enfermidades Articulares Inflamatorias. Artrite Reumatoide. 2.Espondiloartropatías. Espondilite Anquilosante. Artropatía Psoriásica e outras. 3.Artropatías por microcristais. A Gota. 4.Enfermidades dexenerativas articulares. Artrose. Enfermidades dexenerativas da columna vertebral e membros. 5.Enfermidades óseas xeneralizadas. Osteoporose. Osteomalacia. Enfermidade ósea de Paget. Osteodistrofia renal.
Bloque temático de Neuroloxía	<ol style="list-style-type: none"> 1.Coma e trastornos de conciencia 2.Infeccións do sistema nervioso central. 3.Epilepsia 4.Alcoholismo e sistema nervioso central.
Bloque de Patoloxía Cardiovascular e Respiratoria	<ol style="list-style-type: none"> 1.Arteriosclerose. Hipertensión arterial. 2.Insuficiencia cardíaca. 3.Enfermidade coronaria arteriosclerótica. Cardiopatía 4.Insuficiencia respiratoria. Tipos 5. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC) 9.Enfermidades pulmonares de tipo ocupacional.
Bloque de Patoloxía Miscelánea	<ol style="list-style-type: none"> 1.Conceptos xerais en enfermidades infecciosas. Terapia antimicrobiana. Inmunizacións. 2.Tuberculose. 3.Síndrome de Inmunodeficiencia Humana e outras inmunodeficiencias. 4.Diabetes mellitus: tipos. Complicacións agudas e crónicas 5.Enfermidade hepática crónica: cirrose. 6.Síndrome de insuficiencia renal crónica. 7.Grandes síndromes hematopoiéticos: anemia. Hemofilias 8.Oncoloxía: causas, epidemioloxía e prevención. Diagnóstico de extensión e estratexias terapéuticas de algúns tumores sólidos. Tratamento de soporte e cuidados paliativos.
Bloque de Patoloxía Cirúrxica	<ol style="list-style-type: none"> 1.Insuficiencia venosa. Varices. úlceras das EEII. Tipos, diagnóstico diferencial e tratamento. 2. Patoloxía arterial periférica. Enfermidades mecánicas das arterias. Arteriopatías funcionais. 2.Sistema linfático e linfedema. 3.Patoloxía mamaria: Nódulo de mama. Tipos. Benigno ou maligno. Cancro mama. Tratamento cirúrxico e as súas complicacións. Reconstrución da mama tras mastectomía. Reconstrución precoz ou tardía. Tipos de reconstrución 4. Aproximación ao paciente politraumatizado. ABC. Fases secuenciais de tratamento. Cirurxía de control de danos. 5. Incontinencia urinaria. Concepto e epidemioloxía. Fisioloxía da micción. Clasificación e tipos. Factores de risco. Diagnóstico e tratamento.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 B8 B10 B12 B28	27	30	57
Estudo de casos	B2 B4 B8 B13 C1	18	15	33
Proba obxectiva	B2 B8 B12 B13 B28	0	32	32



Discusión dirixida	B2 B5 B8 B13 B28 C1	8	40	48
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A clase maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito enfróntase ante a descrición dunha situación específica que expón un problema que ha de ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír cun só tipo dalgunha destas preguntas.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma organizada, un tema relacionado cos contidos da materia, farán unha exposición oral de forma conxunta e individualizada, estando todo iso moderado e supervisado polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Sesión maxistral Proba obxectiva Estudo de casos	A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas directas e virtuais, individuais e grupais.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B2 B5 B8 B13 B28 C1	Exposición dun tema por parte do alumno dentro do temario da materia, supervisado polo profesorado. O alumno preparará unha presentación dun tema, que o realizará en grupo con outros 2 ou 3 alumnos. logo presentarao en exposición oral de forma individual e o profesor dirixirá as preguntas e a discusión en público con todos os seus compañeiros de clase.	10
Sesión maxistral	A1 A3 B8 B10 B12 B28	Avaliase a atención do alumno, a súa intervención en clase e fundamentalmente a súa asistencia	10
Proba obxectiva	B2 B8 B12 B13 B28	Será un exame único con todas as partes da materia. O exame será tipo test de resposta múltiple e con só unha resposta correcta. Cada profesor achegará o número de preguntas correspondentes á parte que lle corresponda e o número de preguntas será proporcional á cantidade de materia impartida.	60



Estudo de casos	B2 B4 B8 B13 C1	Avaliación continuada a través de exposición de temas e actividades a desenvolver nos grupos de docencia interactiva.	20
-----------------	-----------------	---	----

Observacións avaliación

Na parte correspondente á patoloxía cirúrxica (Dr. Sánchez Merino), a proba basearase no 70% dos contidos impartidos nas clases en calquera das súas modalidades e o 30% restante requirirá o estudo persoal do alumno da bibliografía recomendada no asunto.

Fontes de información

Bibliografía básica	<p>- Ferreras-Rozman (2016). Medicina Interna. Elsevier</p> <p>- (). .</p> <p>BIBLIOGRAFÍA de PATOLOXÍA CUIRÚRXICA 1. Abbad CM, Rial R, Ballesteros MD, García C. Guías de práctica clínica en enfermidade venosa crónica. Torrejón de Ardoz: iD-Médica; 2015. Disponible en: http://www.capitulodefleboлогия.org/media/Guias-Practica-Clinica-Enfermedad-Venosa-Cronica_431.pdf</p> <p>2. Guía de práctica clínica. Consenso sobre úlceras vasculares y pie diabético de la Asociación Española de Enfermería Vasculiar y Heridas (AEEVH). Disponible en: http://www.aeev.net/pdf/AEEV%2035%20.pdf</p> <p>3. Guía Española de Consenso Multidisciplinar en Enfermedad Arterial Periférica de Extremidades inferiores. Suárez C, Lozano FS, coordinadores. Madrid: Luzán5; 2012. Disponible en: https://www.fesemi.org/sites/default/files/documentos/publicaciones/guia-consenso-enfermedad-arterial-periferica.pdf</p> <p>4. Manual de Práctica Clínica en Senología 2015. Sociedad Española de Senología y Patología Mamaria. Disponible en: http://new.sespm.es/archivos/MANUAL-SESPM-2015.pdf</p> <p>5. Aspectos destacados de la actualización de las Guías de la AA para RCP y ACE de 2015. American Heart Association, 2015. Disponible en: https://eccguidelines.heart.org/.../2015/.../2015-AHA-Guidelines-Highlights-Spanish.pdf</p> <p>6. Manejo del paciente politraumatizado en el ámbito prehospitalario. Boletín de Información Farmacoterapéutica de navarra. Vol 16 (3); 2008. Disponible en: https://www.navarra.es/home_es/Temas/Portal+de+la+Salud/Profesionales/Documentacion+y+publicaciones/Publicaciones+tematicas/Medicamento/BIT/Vol+16/BIT+16+3.htm</p> <p>6.PAS-Pautas actuación y seguimiento. Incontinencia urinaria. Coordinador general: Lozano J. Organización Médica Colegial. ISBN: 978-84-7867-243-1. Disponible en: https://www.ffomc.org/sites/default/files/PAS%20IU-MONOGRAFIA.pdf</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do III Plan de Sustentabilidade Medio- Ambiental Green Campus FCS, os traballos documentais que se realicen nesta materia: a.- Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. b.- De realizarse en papel: - Non se empregarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado. - Evitarase a realización de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías